



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVIO: 20/12/2019

TIPOLOXÍA: VENTO

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

NIVEL DE ALERTA: VERMELLO/LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 126/71 GAL_C_C_RN_TT emitido o día 20/12/2019 ás 11:22 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso **LARANXA** por VENTOS que afectará dende as primeiras horas do día 21 a toda a Comunidade Autónoma de Galicia por ventos do SW con refachos de ata 110 km/h. **Este fenómeno meteorolóxico adverso de nivel LARANXA pasará a nivel VERMELLO a primeiras horas da tarde do día 21** nos ámbitos xeográficos de A Mariña de Lugo e Noroeste de A Coruña podendo acadarse refachos máximos de 140 km/h.

Na madrugada do día 22 rematará a alerta **LARANXA** e **VERMELLA**, agás en A Mariña de Lugo que continuará en alerta **LARANXA** con ventos do SW e W e refachos máximos de 100 km/h.

Para o período de nivel de alerta VERMELLA é recomendable a activación do Plan de Emerxencias Municipal do concello (PEMU) en caso de telo.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles.

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

Rev2



Xacobeo 2021

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias112
Galicia

